

Un conto de paz para reflexionar...

### O país sen punta

"Xoanciño Perdedía era un grande viaxeiro. Viaxa que viaxa, en certa ocasión chegou a un país no que as esquinas das casas eran redondas e os tellados non remataban en punta senón nunha suavísima curva. Ó longo da rúa percorría unha sebe con rosas, e ó Xoanciño veulle a idea de poñer unha no ollal. Mentras collía a rosa puxo moita atención para non se picar coas espiñas, mais de sotaque caeu na conta de que as espiñas con picaban cousa—non tiñan punta e semellaban de goma— e facían cóxegas na man.

-Vaía, vaía—dixo Xoanciño en voz alta.

Detrás da sebe apareceu un garda municipal, sorrindo.

- ¿Non sabe que está prohibido coller rosas?

- Síntoo, non penséi niso.

Daquela pagará só media multa—dixo o garda, que con aquel sorriso ben puidera ser o homiño de mantenga que levou a Pinoquio ó país dos Badocos. Xoanciño observou que o garda escribía a multa cun lapis sen punta, e escapoulle dicir:

- Desculpe, idéixame ver a súa espada?

- Moí gustoso.

E, naturalmente, tampouco a espada tiña punta.

- ¿Pero que país é este? - preguntou Xoanciño.

- É o país sen punta—responden o garda, con tanta amabilidade que as súas palabras deberían escribirse con todas as letras máiusculas.

- ¿E a cravaxe como a fan?

- Suprimímola hai tempo; unímolo todo con goma de pegar. E agora, por favor, déame dúas labazadas.

O Xoanciño abriu a boca como se tivese que engulir unha torta enteira.

- Por favor, non quero acabar na cadea por aldraxe á autoridade. As dúas labazadas, se acaso, tería que recibilas, non dalas.

- Mais aquí faise así—explicoulle amablemente o garda—. Por unha multa enteira, catro labazadas; por media multa, soamente dúas.

- ¿Ó garda?

- Ó garda.

- Pero isto é inxusto; é terrible.

- Certo que é inxusto, certo que é terrible—dixo o garda—. A cousa é tan odiosa, que a xente, por non se ver obrigada a zoscartles a uns pobriños sen culpa, mira moito de non facer nada contra a lei. Veña, déame as dúas labazadas, e para outra vez ande con máis tento.

- Mais eu non lle quero dar nen sequera unha bufada na meixela: fágolle un albomiño, en troques.

- Sendo así—concluíu o garda—, terei que acompañalo ata a fronteira.

E o Xoanciño, humilladísimo, foi obrigado a abandonar o país sen punta. Pero aínda hoxe soña con poder volver, para vivir da máis xentil das maneiras, nunha fermosa casa co tellado romo."

CONTOS Ó TELÉFONO  
GIANI RODARI

BOLETÍN DA BIBLIOTECA DO CEIP DE SAN MARTIÑO.

# Biblioteca

30 DE XANEIRO 2010: DÍA MUNDIAL DA PAZ

<http://www.salcedoteca.blogspot.com>

"A paz comeza cunha sorrisa"  
(Teresa de Calcuta)

A paz comeza cunha sorrisa, posiblemente a sorrisa dun neno, que é sempre a máis aberta e sincera.

Certamente a paz ben se podería conseguir cunha suma infinita de sorrisas... non si?


Estamos convencidos de que a mellor maneira de facer sorrir a un neno é viaxando ao seu mundo de fantasía infantil e falarlle dende alí de cousas tan bonitas como a amizade, o perdón, o saber compartir cos demais, o pasar tempo xuntos, o saber xogar cos amigos...

As historias dos libros son as mellores compañeiras para transmitir estes valores, por iso a nosa Biblioteca quere aconsellarvos cada ano, co motivo do Día Mundial da Paz, unhas recomendacións de lecturas, para que elixades a que máis vos guste e que cadaquén atope así o seu anaquíño de paz...

Boas Lecturas pacíficas.

Equipo de Biblioteca do CEIP San Martiño

## ED. INFANTIL



Os "Contos educativos de Marcos e María" de Baía Edicións ensinan hábitos, condutas e valores. Están pensados para axudar a familias e profesores a establecer condutas de socialización e hábitos en nenos de 2 a 7 anos. Ademais a colección conta con contidos que se poden baixar da web [www.baiaeditions.net](http://www.baiaeditions.net).

"Papá é meu" de Fina Casalderrey da Ed. Galaxia pertence á colección Tartaruga e trata o tema do egocentrismo infantil, cos personaxes de Adela e Paulo, que chegan a non poder incluso compartir a papá, por quererlo solo cada un para sí. Ao final da historia os dous aprenden a renunciar ao seu egoísmo persoal.




## 1º CICLO




"Negros e brancos" de David McKee da Ed. Xerais. Hai moito tempo, todos os elefantes do mundo eran brancos ou negros, e odiábanse entre si. A guerra non tardou en estoupar e, durante tempo e tempo non se volver a ver ningún elefante sobre a Terra. Ata que un día saíron da selva os netos dos elefantes amantes da paz.

"Bigu" de Alexis Deacon da Ed. Kókinos. Bigu aterra no noso planeta por despiste, atópase soa e asustada, pero os nenos acóllena e xogan con ela, mentres espera que súa nai a recolla. Nesta historia vemos a necesidade que todos temos de sentirnos apreciados e queridos, aínda que sexamos diferentes.




## 2º CICLO




El gran libro de la amistad de Sally Grindley e Penny Dann da Ed. Beascoa. Tres contos que mostran como axudar, compartir, separarse e perdoar coa esencia da amizade. Conta con maravillosas ilustracións que axudan a comprender os cambios co paso das estacións.

"El pájaro maravilloso" de Motse Gínesta da Ed. Lynx é un conto para aprender dende a imaxinación que caracteriza a literatura e tamén podemos ao final do mesmo atopar un apartado de documentación para ampliar coñecementos sobre a temática dende un punto de vista científico. Pertence á colección Alas de papel.



## 3º CICLO



"La guerra y la paz" de Brigitte Labbé e Michael Puech de Ed. SM. Pertence á colección Piruletas de Filosofía que pretende axudar a reflexionar acerca de preguntas que os nenos e nenas se plantexan sobre a guerra, a inxustiza, a verdade e a mentira... Neste libro nos preguntamos: se todos queremos a paz, como hai guerras?

"El color de la arena" de Elena O'Callaghan Duch é un libro inspirado nos talleres que Art and Life organiza en distintos países en apoio aos nenos e nenas. Dende a mirada inocente do seu protagonista fálanos do drama dun pobo, da traxedia daqueles que viven nun campo de concentración.

